

# Cumio Mundial sobre Desenvolvemento Sustentable

UNESCO (Johannesburgo, agosto-setembro 2002)

## O compromiso de Johannesburgo por un desenvolvemento sustentable

Proxecto de declaración política presentado polo Presidente do Cumio.

### DESDE AS NOSAS ORIXES

#### ATA O FUTURO

1. Nós, Xefes de Estado e de Goberno, reunidos no Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable en Johannesburgo, Sudáfrica, do 2 ao 4 de setembro de 2002, declaramos o noso compromiso de construír unha sociedade mundial humanitaria e xenerosa para lograr o obxectivo da dignidade humana de todos.
2. Reafirmamos o noso compromiso de alcanzar un desenvolvemento sustentable.
3. En canto representantes dos pobos do mundo, asumimos a responsabilidade conxunta de fomentar e fortalecer os tres alicerces inseparables da protección do medio ambiente, o desenvolvemento social e o desenvolvemento económico a nivel local, nacional, rexional e mundial.
4. Desde o continente africano, berce da humanidade, declaramos a responsabilidade que temos cara aos nosos semellantes, cara a toda a comunidade de vida e cara ás xeracións futuras.
5. Reunidos na gran cidade africana de Johannesburgo, que ilustra como a actividade industrial pode modificar o medio ambiente en cuestión de decenios, recordamos as grandes disparidades sociais e económicas que vimos.
6. Este é un espello da nosa existencia mundial. Se non facemos nada, arriscámonos a que se afiance unha forma de apartheid mundial. Salvo que actuemos de maneira que modifique fundamentalmente as súas vidas, os pobres do mundo poden perder confianza nos sistemas democráticos a que nos adherimos e non ver nos seus representantes máis que trompetas ou címbalos resonantes.
7. Prometemos aplicar un programa de desenvolvemento sustentable que

de a prioridade absoluta a colmar as profundas fracturas que dividen á sociedade humana en ricos e pobres.

## DESDE OS PRINCIPIOS DE RÍO ATA O COMPROMISO DE JOHANNESBURGO POR UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

8. Fai dez anos, na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento, celebrada en Río de Janeiro, conviñemos en que a protección do medio ambiente, o desenvolvemento social e o desenvolvemento económico eran os tres alicerces inseparables dun desenvolvemento sustentable. Para alcanzar ese desenvolvemento, adoptamos o programa mundial Programa 21.
9. Entre Río e Johannesburgo, as nacións do mundo celebraron varias conferencias importantes baixo os auspicios das Nacións Unidas. Os resultados desas conferencias constituíron importantes achegas ao Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable.
10. Desde a Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento elaboramos novas convencións e protocolos para aplicar o Programa 21.
11. Coincidimos en que non debe negarse a ningunha persoa nin a ningunha nación a oportunidade de beneficiarse do desenvolvemento.
12. Comprometémonos tamén a lograr os obxectivos de desenvolvemento convidos internacionalmente, que son os que figuran na Declaración do Milenio das Nacións Unidas e acordos internacionais conexas concertados nas principais conferencias das Nacións Unidas celebradas desde 1992.
13. Sinalamos a relevancia dos retos expostos na “Carta da Terra”.
14. Comprometémonos efectivamente a ocuparnos dos problemas urxentes do desenvolvemento sustentable determinados aquí en Johannesburgo. Os grandes problemas que debemos resolver.
15. Os problemas máis perentorios da nosa época seguen sendo a pobreza, o subdesenvolvemento, a deterioración do medio ambiente e as desigualdades sociais e económicas dentro dos países e entre estes.
16. Recoñecemos que a erradicación da pobreza, a modificación de pautas insustentables de produción e consumo, a protección e xestión da base de recursos naturais para o sustento da vida e o desenvolvemento social e

- económico son obxectivos primordiais e requisitos fundamentais dun desenvolvemento sustentable.
17. A separación cada vez maior entre os mundos desenvolvido e en desenvolvemento supón unha gran ameaza á prosperidade, a seguridade e a estabilidade mundiais.
  18. Compartimos o sentimento colectivo de que debemos cambiar o xeito en que nos gobernamos como seres humanos neste planeta.
  19. Recoñecemos que non se alcanzaron os obxectivos que nos fixamos no Cumio da Terra de Río.
  20. Preocúpanos profundamente que o avance cara a un desenvolvemento sustentable sexa máis lento do que pensabamos.
  21. No momento en que afrontamos colectivamente os retos do novo século, o Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable serviu de plataforma para examinar os nosos progresos e concentrarnos agora na aplicación. O Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable.
  22. O Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable é o resultado de procesos específicos e amplos que comprenderon negociacións intergubernamentais, o diálogo entre os distintos interesados e anuncios de acordos de colaboración. O Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable produciu o Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable, que é un compromiso coherente e integrado.
  23. Ao asumir o Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable, reafirmamos a nosa decisión de defender os Principios de Río e de aplicar plenamente o Programa 21, todos os cales son parte fundamental do noso acordo mundial.
  24. Recoñecemos que a democracia, o estado de dereito, o respecto dos dereitos humanos e as liberdades e o logro da paz e a seguridade son esenciais para alcanzar plenamente o desenvolvemento sustentable. Todos eses obxectivos son indivisibles e refórzanse mutuamente.
  25. O Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable reafirmou que a pesar das nosas diferenzas é posible colaborar construtivamente para lograr o cambio.
  26. Respectamos a diversidade cultural e os sistemas de valores diferentes, así como a promoción dos intereses dos pobos indíxenas.

27. Reafirmamos que as poboacións indíxenas e as comunidades locais son importantes para o mantemento da diversidade biolóxica e a conservación dos sistemas de coñecementos autóctonos, e que deben participar na posta en práctica do Compromiso de Johannesburgo e beneficiarse dela.
28. Reafirmamos que segue sendo válido o principio da responsabilidade común pero diferenciada.
29. Acollemos con satisfacción que o Compromiso de Johannesburgo céntrase nas necesidades básicas da dignidade humana, o acceso á auga limpa e ao saneamento, a enerxía, a atención da saúde, a seguridade alimentaria e a diversidade biolóxica. Ao mesmo tempo recoñecemos a importancia fundamental da tecnoloxía, a educación e a capacitación, e a creación de emprego.
30. Aceptamos a realidade de que a sociedade mundial dispón dos medios e recursos necesarios para resolver os problemas do desenvolvemento sustentable aos que se enfronta toda a humanidade.
31. Recoñecemos a necesidade do fomento da capacidade así como das transferencias adecuadas de recursos e tecnoloxía para pór fin á pobreza e ao subdesenvolvemento.
32. Comprometémonos a traballar para alcanzar dentro dos prazos fixados, os obxectivos socioeconómicos e ambientais nos que conviñemos.
33. A este respecto, con miras a alcanzar as nosas metas e obxectivos de desenvolvemento, convimnos en esforzarnos decididamente e con prontitude para alcanzar os obxectivos relativos á asistencia oficial para o desenvolvemento acordados internacionalmente.
34. Recoñecemos a importancia crítica que ten o investimento estranxeiro directa para achegar recursos para o crecemento económico e o desenvolvemento dos países en desenvolvemento.
35. Celebramos e apoiamos o xurdimento das agrupacións e alianzas rexionais máis fortes, como a Nova Alianza para o Desenvolvemento de África, que teñen como fin promover a cooperación rexional, mellorar a cooperación internacional e promover o desenvolvemento sustentable.
36. Seguiremos prestando especial atención ás necesidades de desenvolvemento dos pequenos Estados insulares en desenvolvemento e dos países menos adiantados.
37. Recoñecemos tamén que o abafador peso da débeda que soportan os

- países menos adiantados en particular, os países en desenvolvemento no seu conxunto, así como os países de ingresos medios, constitúe un dos principais obstáculos ao desenvolvemento sustentable.
38. Convimos en que o logro da seguridade alimentaria para todos os seres humanos é un compoñente vital da loita para erradicar a pobreza e elevar a dignidade humana. Por conseguinte, preocúpanos que non se fixo o suficiente para crear as condicións para o desenvolvemento de sistemas agrícolas sustentables nos países pobres.
39. Convimos en que un sistema de comercio multilateral xusto, amplo, regulado e predicible é un medio fundamental para a aplicación do Compromiso de Johannesburgo,
40. Convimos en que a auga é esencial para a vida. É o recurso chave para a boa saúde, para a rega dos cultivos, para a obtención de enerxía eléctrica e para a protección dos ecosistemas. En vista do acelerado ritmo de urbanización, e das necesidades dos pobres das zonas rurais, a subministración de auga e o saneamento adecuados son fundamentais para alcanzar o obxectivo do desenvolvemento sustentable.
41. Reafirmamos o Principio de Río de que os seres humanos teñen dereito a unha vida saudable e produtiva en harmonía coa natureza. Por conseguinte, expresamos a nosa preocupación polo feito de que, de resultas da pobreza, o subdesenvolvemento, a precariedade das vivendas inadecuadas, as condicións ambientais negativas, a falta de medicamentos e vacinas a prezos alcanzables e as deficientes infraestruturas sanitarias, miles de millóns de persoas seguen expostas a enfermidades evitables e morren prematuramente, en particular por mor de enfermidades transmisibles como o VIH/SIDA, a tuberculose, o paludismo e diversas enfermidades da infancia.
42. Aceptamos que diversos usos da enerxía teñen consecuencias negativas para o medio ambiente, como a desertificación, a acidificación, a contaminación do aire e o cambio climático. Polo tanto, comprometémonos a aplicar todos os acordos internacionais existentes relacionados con estes asuntos, así como a perseverar na procura dun compromiso mundial a longo prazo para facer fronte ao cambio climático. A este respecto, recoñecemos as preocupacións especiais dos pequenos Estados insulares.
43. Comprometémonos a facer fronte ao déficit enerxético que afecta aos países en desenvolvemento.

44. Acordamos protexer e restablecer a integridade do sistema ecolóxico do noso planeta, facendo especial fincapé na conservación da diversidade biolóxica, os procesos naturais que sustentan toda vida na Terra, así como na loita contra o proceso de desertificación. Reducir de xeito significativo a taxa actual de perda de biodiversidade a nivel nacional e mundial é unha das prioridades para lograr medios de vida sustentables para todos.
45. Comprometémonos a reducir as repercusións económicas, sociais e ambientais das catástrofes naturais intensificando a cooperación internacional, despregando tecnoloxías racionais e continuando a preparación de sistemas de alerta temperá.
46. O desenvolvemento sustentable require unha perspectiva a longo prazo e unha ampla participación na formulación de políticas, a adopción de decisións e as actividades de execución a todos os niveis. Como gobernos, seguiremos traballando para manter sólidos lazos de colaboración co sector privado, o mundo do traballo, a sociedade civil e todos os grupos principais, respectando as funcións independentes e importantes destes colaboradores sociais.
47. Celebramos o anuncio dunha gran diversidade de novos acordos e actividades de colaboración, coa participación de todas as partes interesadas, que son parte integrante do Compromiso de Johannesburgo.
48. Recoñecemos que o proceso de globalización vai acompañado pola aparición de importantes empresas do sector privado, que deben contribuir á evolución de comunidades e sociedades equitativas e sustentables á vez que realizan as súas lexítimas actividades.
49. Por conseguinte, convimos na necesidade de que o sector privado actúe dentro dun contexto regulamentario transparente e estable que intensifique a súa responsabilidade empresarial e a súa contribución social.
50. En consecuencia, acordamos que a Asemblea Xeral das Nacións Unidas debería ocuparse da cuestión da responsabilidade das empresas e a contribución social do sector privado.
51. Comprometémonos a reforzar e mellorar a xestión dos asuntos públicos a nivel local, para unha aplicación efectiva do Programa 21, os obxectivos de desenvolvemento do Milenio e o Compromiso de Johannesburgo.
52. Recoñecemos o lugar central que ocupa a muller na sociedade humana e a súa función esencial no fomento

- dun desenvolvemento sustentable. Acordamos que a emancipación da muller e a igualdade entre os sexos intégrense en todas as actividades abarcadas polo Programa 21, os obxectivos de desenvolvemento do Milenio e o Compromiso de Johannesburgo.
53. Recoñecendo a importancia de fomentar a solidariedade humana, instamos a promover o diálogo e a cooperación entre todos os pobos e civilizacións do mundo, sen distinción de razas, discapacidades, relixións, idiomas, culturas e tradicións.
54. Respectamos a diversidade humana e recoñecemos que é motivo de celebración.
55. Reafirmamos o noso compromiso de opoñernos ao racismo, ao sexismo e a outras formas de discriminación e intolerancia.
56. Afirmamos que os conflitos armados e a guerra son intrinsecamente contrarios ao desenvolvemento sustentable.
57. Acordamos combater o terrorismo, a delincuencia organizada e a corrupción, individual e colectivamente.
58. Reafirmamos a nosa oposición á ocupación estranxeira e afirmamos o dereito de todos os pobos á soberanía e ao control sobre os seus recursos naturais.
59. Opoñémonos a que se prive de alimentos a calquera pobo necesitado para o logro de obxectivos políticos.
60. Reafirmamos ademais as posicións contidas na Declaración do Milenio en relación coa administración das sancións económicas das Nacións Unidas. O multilateralismo é o futuro.
61. Para lograr os nosos obxectivos de desenvolvemento sustentable necesitamos un sistema democrático de gobernanza mundial con institucións internacionais e multilaterais reforzadas e responsables.
62. Reafirmamos a nosa adhesión aos principios e propósitos da Carta das Nacións Unidas e o dereito internacional, así como o fortalecemento do multilateralismo. Apoiamos a función reitora das Nacións Unidas como a organización máis universal e representativa do mundo que é a máis indicada para promover o desenvolvemento sustentable.
63. Comprometémonos ademais a vixiar periodicamente o avance na persecución dos nosos obxectivos e metas de desenvolvemento sustentable.
64. Destacamos a necesidade de vixiar

sistematicamente a aplicación do Programa 21, os obxectivos de desenvolvemento do Milenio e o Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable.

## COMO LOGRALO

65. Instamos á Asemblea Xeral das Nacións Unidas, como o principal foro multilateral do mundo, a que institúa un mecanismo de seguimento para facilitar, avaliar e supervisar a posta en práctica dos resultados do Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable, de acordo co Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable.
66. Estamos de acordo en que este debe ser un proceso integrador en que participen todos os grupos importantes que tomaron parte no histórico Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sustentable.
67. Comprometémonos a actuar a todos os niveis que sexa preciso para salvar o noso planeta, promover o desenvolvemento humano e lograr a prosperidade e a paz universais.
68. Apoiamos plenamente o Compromiso de Johannesburgo por un Desenvolvemento Sustentable e resolvemos pór en práctica todos os seus elementos.
69. Desde o continente africano, berce da humanidade, declaramos aos pobos do mundo que estamos decididos a velar por que se faga realidade a nosa esperanza colectiva dun desenvolvemento sustentable.